



Todos os 8 de marzo, Día Internacional da Muller, vimos desenvolvendo diferentes actividades de concienciación e sensibilización no eido da igualdade de xénero.

O Maratón fotográfico é unha destas actividades. A fotografía poder ser un instrumento de reflexión sobre as desigualdades de xénero, por iso, esta actividade, pretende a través da observación e a creatividade, favorecer a visibilización destas desigualdades e provocar cambios de actitude en toda a sociedade.




Para que estes cambios se produzan é necesaria a implicación de toda a cidadanía. Por iso, dende a Área de Igualdade- CIM invitamos a participar a todas aquelas persoas que disfruten coa fotografía e que queiran facer a súa aportación a dito cambio.



O Maratón levarase a cabo o sábado 6 de marzo, dentro dos límites xeográficos polos que poidan desprazarse cada unha das persoas participantes, atendendo ás restricións establecidas para a prevención do coronavirus vixentes nese momento.

+ Info



Área de Igualdade - CIM
Praza de Ravella, 1 - baixo
muller@vilagarcia.gal
www.vilagarcia.gal

8M

DÍA INTERNACIONAL
DA MULLER




BASES MARATÓN FOTOGRAFICO

A IGUALDADE DE XÉNERO EN RELACIÓN AO MUNDO DO TRABALLO

SÁB 6 MARZO'21
[10.00-22.00H]

Comezo:
Ás 10.00h, a través de internet.
Prazo de inscrición:
Ata o 3 de marzo de 2021.
Período de entrega das fotos:
Das 19.00 ás 23.59h.



Á R E A D E I G U A L D A D E - C I M

REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:

Ser afeccionado á fotografía. Non poderán participar profesionais.

TEMÁTICA:

A IGUALDADE DE XÉNERO.

Este tema concretarase en tres propostas, que se entregarán ao inicio do Maratón.

INSCRIPCIÓN:

A inscrición realizarase por medio de solicitude, enviándoa por correo electrónico a maraton.muller@vilagarcia.gal. A folia estará dispoñible, xunto coas bases, en www.vilagarcia.gal. Tamén se poderá facer efectiva a inscrición a través de sede.vilagarcia.gal, cos certificados electrónicos oficiais, a través do formulario 01001 Solicitude xenérica. No caso da participación de menores de idade, deberá adxuntarse copia do DNI do pai, nai ou do representante legal.

A inscrición confirmarase por parte da área respostando cun correo e asignando un número indentificativo, que será o que se utilizará o día do maratón. O prazo de inscrición comezará o día de publicación destas bases e estará aberto ata o 3 de marzo.

DESENVOLVEMENTO DA MARATÓN:

COMEZO: Ás 10,00 horas do sábado 6 de marzo, a través dunha plataforma dixital que se lles comunicará previamente ás persoas participantes, realizarase unha xuntanza virtual entre participantes e membros da área de igualdade. Neste momento tomarase conta das persoas participantes e elixiranse os tres temas obxecto das fotografías entre varios sobres pechados con distintas propostas.

DESENVOLVEMENTO: Todas as fotografías deberán ser realizadas entre as 10.00h e as 22.00h dese día. Cada participante tomará as fotografías no seu Concello ou dentro dos límites xeográficos permitidos nese momento polas restricións de mobilidade que poida haber derivadas do coronavirus, e sempre cumprindo as normas de prevención do mesmo establecidas.

RECOLLIDA DAS FOTOS E FINAL DO MARATÓN: Dende as 19.00h e ata as 23.59h dese mesmo día, as persoas participantes enviarán as fotografías coas que queren concursar en arquivos adxuntos ao enderezo electrónico maraton.muller@vilagarcia.gal. As fotografías deberán ser unha por cada un dos tres temas elixidos, enmarcadas todas no tema da igualdade de xénero. Cada fotografía nomearase co tema e o título. No asunto do correo electrónico aparecerá: MF e o número identificador asignado a cada participante. No corpo do correo reflectirase soamente o número identificador e, a continuación, o tema seguido do título completo de cada unha das fotografías.

NORMAS RESPECTO ÁS FOTOGRAFÍAS:

As fotos entregaranse en arquivo JPEG. Poderán ser en color e/ou en branco e negro. O tamaño mínimo de 20x30 cm. Non poderán incluír bordos, marcas de auga, sinaturas ou elementos similares. Permite o uso de axustes dixitais mínimos (luminosidade, contraste, ton...). Non se poderán engadir ou eliminar elementos que modifiquen

a composición orixinal. A organización reservarase a posibilidade de esixir a presentación do arquivo orixinal (raw, tiff, jpg...) para comprobar a edición da fotografía presentada a concurso. É responsabilidade das persoas concursantes que non existan dereitos de terceiros sobre as obras presentadas. Para corroborar que as fotos foron realizadas nese día, comprobaranse os datos EXIF das mesmas, polo que é conveniente revisar a configuración das datas dos dispositivos que se utilicen.

NORMAS DA MARATÓN:

Poderán participar todas as persoas previamente inscritas na Área de Igualdade, segundo as normas destas bases. As obras presentadas quedarán en propiedade do Concello de Vilagarcía. O/a autor/a das instantáneas conservará a súa propiedade intelectual, pero cederá en exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución para a súa exposición, publicación ou calquera modalidade que o Concello considere oportuna relacionada cos obxectivos do Maratón. Serán descalificadas aquelas persoas que non se presenten á xuntanza virtual inicial, así como as que incumpran algunha das normas reflectidas nestas bases ou presenten as fotografías fóra do prazo establecido. Durante o transcurso do Maratón, haberá un comité organizador facultado para resolver as dúbidas ou circunstancias especiais que puideran xurdir, así como para a interpretación destas bases. A súa decisión terá carácter definitivo. Con tal finalidade, facilitarase un número de teléfono de contacto a través do cal resolver calquera dúbida que poida xurdir.

PREMIOS:

Haberá tres premios, un por cada un dos temas propostos e terán unha contía individual de 200,00 euros. Aos mesmos se lles aplicará a lexislación vixente respecto das retencións fiscais.

XURADO:

Será o encargado de seleccionar e valorar as fotografías presentadas. Estará composto por: Presidenta: Concelleira de Política de Igualdade, Tania García Sanmartín; Vocais: tres persoas relacionadas co mundo da fotografía, da imaxe, medios de comunicación... e unha do Consello Local da Muller; Secretaria/o: persoal técnico, con voz pero sen voto, encargado de levantar a acta da deliberación do premio. A decisión do xurado será inapelable.

ENTREGA DE PREMIOS E EXPOSICIÓN:

O veredicto do xurado e a entrega de premios darase a coñecer o 31 de marzo. Ese mesmo día inugurarase a exposición de todas as fotografías, xunto coas premiadas e as seleccionadas polo xurado polo seu interese e creatividade. A exposición será, se a situación sanitaria o permite, física. Haberá tamén unha mostra virtual a través das redes do Concello. A participación no Maratón implica a plena aceptación destas bases.

Aclaración de dúbidas: Área de Igualdade - CIM

T 986 099 200 ext. 102/109. Horario: 08.00-15.00h

Praza de Ravella, nº1, 36600 - Vilagarcía de Arousa - Pontevedra
muller@vilagarcia.gal / sede.vilagarcia.gal.